# A MULLER DE LONA




## SANTOS LEDO, ALBERTE

| | |
|---|---|
| **Editorial** | LAIOVENTO |
| **Materia** | FICCION MODERNA Y CONTEMPORANEA |
| **Colección** | LAIOVENTO |
| **EAN** | 9788484875840 |
| **Status** | Disponible |
| **Páginas** | 238 |
| **Tamaño** | 210x140x13 mm. |
| **Peso** | 335 |
| **Precio (Imp. inc.)** | 17,95€ |

### SINOPSIS

O mesmo día no que Hipólito Foxo, o único empregado dun aparcadoiro, empeza a redacción de dúas cartas ás mulleres coas que convive clandestinamente para rachar cunha delas, recibe a sospeitosa chamada da súa xefa que o arrastra a unha situación que non ambicionaba e da que non sabe saír. O protagonista da novela enfróntase a dúas encrucilladas, a sentimental e a laboral, inspirándose na modelo publicitaria, a quen lle da voz, que protagoniza a campaña de inverno duns grandes almacéns. Hipólito, un home cada vez máis ausente do seu hábitat, converte a procura de respostas nunha sorte de resistencia individual fronte a unha sociedade cada vez máis tecnolóxica que esmaga a través das mensaxes publicitarias do mundo actual a súa individualidade. A presenza da modelo na fachada dos grandes almacéns axúdalle durante 28 días a enfrontar a enxurrada de dúbidas e ameazas que amosan a vulnerabilidade do home actual fronte ao pensamento e os patróns dominantes das grandes campañas de publicidade.
A novela resolve con doses de humor e unha marea ben argallada de personaxes as relacións do protagonista coa súa propia contorna: as súas parellas, os seus colegas de traballo, os vellos compañeiros da escola de FP, a veciñanza, un comunicante anónimo, ...
O autor fai un intenso exercicio de experimentación no seu proceder narrativo, propoñendo unha estrutura para o relato chea de virtudes que dinamizan, ao tempo que ensanchan, a mirada do lector ante unha historia en constante movemento.

“Mirar a vida a través dos ollos de Hipólito -din o xornalista Ramón Rozas autor do limiar que antecede a novela-, dende o seu refuxio laboral entre choivas, fríos e coches é poñerse ante un cantil dende o que arroxar unha botella ao mar. Palabras enchoupadas de soidades que procuran resistir unha oleaxe cada vez máis forte, como a que plantexan estes días, os días nos que vivimos, os días nos que resistimos”....

## Títulos relacionados



NINGUÉN DORME
VEGA, REXINA



O GALEGO, LÍNGUA NACINAL...OU LINGUA AUTONÓMICA?
TRAFICANTE PELÁEZ, FRANCESCO



LOAIRA
REI BALLESTEROS, ANXO A.



FAUSTO
GOETHE, JOHANN WOLFGANG VON